

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 19 DE ABRIL DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezanove de abril de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 12 de abril de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 12 de abril de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- R.P. 17.512/2022, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras do programa DP0040/2022, de subvencións a concellos para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2022. (Boletín Oficial da Provincia número 72, do 18 de abril de 2022).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 8 ao 12 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 617/2022 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 653/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
617/2022	08-04-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de abril de 2022
618/2022	08-04-2022	Modificación da solicitude de subvención presentada á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, ao abeiro da orde do 21 de febreiro de 2022 (DOG. Núm.46 do 08/03/2022) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2022".(código de procedemento TR353A)
620/2022	08-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola realización de obras en parcelas sitas en Picardos, Anceis sen título habilitante municipal. Propiedade: AVB e MEAR
621/2022	08-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: LAG
622/2022	08-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SCL
623/2022	08-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JRR
624/2022	08-04-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentos por superar a unidade familiar o límite de ingresos establecido na ordenanza. Solicitante: MMHS
625/2022	08-04-2022	Conceder a de renovación de tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JLL
626/2022	08-04-2022	Conceder a renovación da tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: ALZ
627/2022	08-04-2022	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: ABJ
628/2022	08-04-2022	Conceder a de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: DMC
629/2022	08-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ALG
630/2022	08-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EB
631/2022	08-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJBB
632/2022	08-04-2022	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización de 6 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa

		tensión destinada á iluminación pública na rúa Eduardo Pondal, O Temple. Solicitante: UFD DE, S.A.
633/2022	08-04-2022	Nomeamento auxiliar administrativo interino na área de Cultura
634/2022	08-04-2022	Nomeamento auxiliar administrativo interino na área de Servizos Sociais
635/2022	09-04-2022	Aprobación da entrega de fondos á entidade colaboradora convenio promoción do fútbol 2020
636/2022	11-04-2022	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización de 26 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica ao punto de recarga de vehículos eléctricos existente na estación de servizo sita no lugar da Telva, Sigrás. Solicitante: UFD DE, S.A.
637/2022	11-04-2022	Xeración de crédito 3/2022 Plan de mellora de camiños Agadez 2022/2023
638/2022	11-04-2022	POS + 2019 principal-mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre. Fase 2
639/2022	11-04-2022	Aprobación de certificación correspondente á obra “arranxo de camiños municipais fase 2”, recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe 144.454,91 euros, así como o seu pagamento
640/2022	11-04-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 26.728,76 euros
641/2022	11-04-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
642/2022	11-04-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
643/2022	11-04-2022	Devolver o aval bancario núm. 668503 formalizado por Abanca Corporación Bancaria, SA, e depositado por MVS, SL, na tesourería municipal, co núm. de rexistro 1027 e por importe de 1.800,00 €, como garantía da obriga de reparación das deterioracións que se puidesen producir nos camiños públicos con motivo da execución dunha talla en dúas fincas sitas no lugar de Lendoiro, Cecebre, comunicada no exp. 2021/U026/000335
644/2022	12-04-2022	Licenza de segregación de finca sita en Longueiral , Santa Maria de Vigo de 3.482 m ² para dividila en dúas unha de 3.037,17 m ² e outra de 444,83 m ² co fin de cedela ao concello promovido por LLA
645/2022	12-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola instalación dunha caseta prefabricada na parcela sita en Drozo (Cambre). Propiedade: Hdros de PCM e BPC
646/2022	12-04-2022	Licenza para cambio de uso do local sito na rúa Lagoa, a vivenda promovido por OTI, S.L..
647/2022	12-04-2022	Denuncia por recheo dunha finca en San Roque, Santa Maria de Vigo
648/2022	12-04-2022	Corrección erro Resolución de Alcaldía nº593/2022 de data 5 de abril de 2022
649/2022	12-04-2022	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de marzo de 2022 e de profesionais e alugueres do primeiro trimestre de 2022 e o seu pagamento
650/2022	12-04-2022	Aprobación da liquidación do IVE do primeiro trimestre de 2022 e o

		seu pagamento
651/2022	12-04-2022	Reposición legalidade urbanística a JFP e outro SC por construción dunha nave sen axustarse ao proxecto que obtivo licenza e posteriores modificacións realizadas na citada nave sita en Pombo, Pravio
652/2022	12-04-2022	Permiso retribuído por enfermidade grave de familiar de primeiro grado
653/2022	12-04-2022	Permuta de postos entre auxiliares administrativos Concello de Cambre

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Corrección de erro de feito na proposta de aprobación do expediente de contratación da obra de “Demolición de edificio sito no lugar de Campons. Castroboo”. Expte: 2022/C003/000001

- Proposta de devolución de aval á empresa “Oficina de Planeamiento, S.A.” (OPSA), adxudicataria do servizo de “Redacción da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cambre no ámbito N-VI”. Expediente: 2016/C004/000005

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A.- Corrección de erro de feito na proposta de aprobación do expediente de contratación da obra de “Demolición de edificio sito no lugar de Campons. Castroboo”. Expte: 2022/C003/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de abril de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 12 de abril de 2022, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre acordou a aprobación do expediente de contratación da obra de “Demolición de edificio sito no lugar de Campons. Castroboo”, designando, no seu apartado quinto, como membros da mesa de contratación os seguintes:

“Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, e como suplente, o enxeñeiro de camiños municipal – xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López”.

Visto que nin a secretaria xeral, dona María Luisa de la Red Ampudia, nin a técnica de xestión de administración xeral responsable da contratación, dona María Fernanda Montero Carré, están en situación de servizo activo neste Concello, propónse a súa rectificación, de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, en virtude do cal “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, proceder á rectificación do erro de feito detectado no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 12 de abril de 2022 (apartado B) dos asuntos declarados urxentes fóra da orde do día), consistente na designación errónea dos membros da mesa de contratación do expediente de contratación da obra “Demolición de edificio sito no lugar de Campons. Castroboo”, expte: 2022/C003/000001, de tal forma que o punto quinto do citado acordo quedaría redactado do seguinte teor literal:

“Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

O técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da Área de urbanismo e réxime interior, don Emilio Martínez Cubero.

A arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, e como suplente, o enxeñeiro de camiños municipal – xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño

Secretaría: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López”.

Segundo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B.- Proposta de devolución de aval á empresa “Oficina de Planeamiento, S.A.” (OPSA), adxudicataria do servizo de “Redacción da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cambre no ámbito N-VI”. Expediente: 2016/C004/000005.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de abril de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e catro de xaneiro de dous mil dezasete, adxudicou á entidade “Oficina de Planeamiento, S.A.” (OPSA), no importe ofertado de 27.830,00 euros IVE incluído, o servizo de “Redacción da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cambre no ámbito N-VI” (expediente: 2016/C004/000005).

Consta no expediente garantía definitiva prestada mediante aval, depositado na Tesourería municipal con data 17.01.2017 por importe de 1.150,00 euros con núm. de rexistro 716.

Consta informe do Arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de data 04.04.2022, favorable á devolución da garantía definitiva, unha vez transcorrido o período de garantía, nos seguintes termos:

“(…) Con data 20/05/2021 apróbase definitivamente por orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o documento " REDACCION DÁ MODIFICACION PUNTUAL DÁS NNSS DE CAMBRE NON ÁMBITO DÁ N-VI", publicándose dita aprobación no DOG de data 10/06/2021 e sendo Rexistrado no Rexistro de Ordenación do Territorio e Plan Urbanístico de Galicia, co número de rexistro ROTPG/ P/50/2021; igualmente foi publicada a normativa urbanística no BOP de data 26/08/2021, entrando, por tanto, en vigor o documento aprobado.

Á vista do anterior, transcorrido o prazo de garantía establecido, e tendo en conta o art. 111.2 da mencionada LCSP, pode devolverse a garantía constituída no seu día.”

Consta o informe de fiscalización JUA número 167/2022 emitido polo Interventor municipal con data do 18 de abril de 2022.

Polo anterior, de conformidade co establecido nos artigos 90, 205.3, 283 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 1.150,00 euros, depositada pola entidade “Oficina de Planeamiento, S.A.” (OPSA), no expediente número 2016/C004/000005 para a contratación do servizo de “Redacción da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cambre no ámbito N-VI”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica Maria Otero López